



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A ENTIDADE COLABORADORA “CLUB CASTILLO ULLA-DEZA”

En Santiago de Compostela, a 1 de maio de 2016

REUNIDOS:

Dunha banda, _____, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que actúa en nome e representación da Xunta de Galicia por mor do disposto no artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra banda, D. _____, en calidade de Presidente da entidade colaboradora “Club Castillo Ulla-Deza”, en virtude de nomeamento na Asemblea Xeral Extraordinaria da entidade do 30 de novembro de 2013.

Actúan ambos coa representación que legalmente teñen conferida e

EXPOÑEN:

O artigo 27º.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre. Con base nesta competencia, promulgouse a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, que ten como obxecto a regulación da conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas.

De conformidade co disposto no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, compételle á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (no sucesivo, Consellería) o desenvolvemento e a aplicación da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e do seu Regulamento.

No marco legal da Lei 7/1992, atópase definida a figura das entidades colaboradoras. De conformidade co artigo 6º da citada lei, considéranse entidades colaboradoras as que realicen actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do ambiente das devanditas augas e que teñan recoñecido tal carácter.

O nomeamento e renovación de entidades colaboradoras vén regulado nos artigos 36 a 38 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio).

O Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes referentes a actividades de caza e pesca, modificado polo Decreto 114/2013, do 18 de xullo, establece que determinados



permisos de pesca en coutos poderán ser gratuítos no caso de entidades colaboradoras coas que exista convenio.

A crecente demanda de participación na protección e conservación dos ecosistemas fluviais que se vén producindo nos últimos anos por parte dos colectivos de pescadores, determina que a Consellería estableza un marco dende o que coordinar as accións que as diferentes entidades colaboradoras propoñen.

Por todo o anterior, a Consellería promove acordos para actuacións concretas en tramos de río con aquelas entidades colaboradoras interesadas en participar na xestión dos recursos piscícolas das nosas augas.

Neste contexto ámbalas partes comprométense a aceptar as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é acordar a colaboración entre a Consellería e a entidade colaboradora “Club Castillo Ulla-Deza” (no sucesivo, entidade colaboradora) para a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais, así como na mellora dos ecosistemas fluviais.

O tramo de río obxecto deste convenio é o couto de pesca sen morte denominado “Deza” nos ríos Ulla e Deza.

SEGUNDA: OBRIGAS DAS PARTES

2.1.- Obrigas da Consellería

A Consellería comprométese a:

a) Reservar para a entidade colaboradora o trinta e un por cento (31 %) dos permisos de pesca no couto citado para cada un dos días hábiles de pesca de cada tempada.

Da reserva poderanse exceptuar catro xornadas de pesca con destino a concursos deportivos oficiais e actividades sociais de entidades colaboradoras sen convenio, en previsión do disposto nos artigos 32º e 33º do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (no sucesivo, Regulamento) e a reserva de de permisos para o fomento do turismo (art.28º a 30º da citada normativa).

b) Reservar para a entidade colaboradora a totalidade dos permisos do couto para tres xornadas de pesca en cada tempada, quedando excluídas as tres primeiras semanas da tempada.

c) Asesorar á entidade colaboradora naqueles aspectos técnicos do presente convenio que o requiran. Antes do inicio de cada traballo de mantemento ou mellora, persoal do Servizo



Provincial de Conservación da Natureza (no sucesivo, Servizo Provincial) efectuará unha inspección previa, asesorará aos membros da entidade colaboradora sobre o xeito de realizar os traballos e, unha vez rematados, certificará a súa correcta execución.

2.2.- Obrigas da entidade colaboradora:

A Entidade Colaboradora comprométese ao seguinte:

- a) Estar constituída como asociación ou sociedade, de carácter aberto, e facilitar o acceso a calquera persoa interesada na pesca que o solicite.
- b) Manter en bo estado de uso os accesos, as sendas e mailos postos de pesca do couto.
- c) Manter o couto limpo de residuos.
- d) Implementar e manter operativo un sistema de avaliación das capturas e do esforzo de pesca no couto co obxecto de comprobar a adecuación do plan de xestión deste no transcurso do tempo. O dito sistema deberá cumprir cuns requisitos técnicos mínimos (no Anexo I xúntase modelo cos contidos mínimos). Esta información será avaliada polo Servizo Provincial, que elaborará un informe anual.
Ademais colaborarán co Servizo Provincial, de ser o caso e previa demanda, no guiado de capturas no couto e nos tramos libres próximos, así como en mostraxes e inventarios.
- e) Facilitarlle a cada membro da entidade colaboradora un documento ou tarxeta de identificación. Mentres se faga uso dun dos permisos de pesca reservados á entidade colaboradora, deberase estar en posesión da identificación antes sinalada, xunto co resto de documentos que require a normativa de pesca.
- f) Comunicar ao Servizo Provincial, cun mínimo dunha semana de antelación, a execución de traballos de mantemento ou mellora do couto, de ser o caso, previa a obtención das autorizacións ou permisos correspondentes, nos casos nos que sexa preceptivo. Respetarán as condicións de execución que poida establecer o dito Servizo.
- g) Escoller as tres cotas diarias de permisos ás que se refire o artigo 33º do Regulamento no couto de pesca do que é obxecto este convenio.
- h) Sinalizar o couto de pesca. Esta obriga inclúe tanto o mantemento dos sinais actuais coma a colocación de novos sinais naqueles puntos onde indique o Servizo Provincial.
- i) Realizar o mantemento das infraestruturas existentes no couto.

TERCEIRA- XESTIÓN DOS PERMISOS DE PESCA

A Entidade Colaboradora deberá xestionar e distribuír os permisos de pesca conforme ao descrito neste apartado.

No cálculo da cantidade de permisos resultante de aplicar a porcentaxe establecida no apartado 2.1, os redondeos, de ser precisos, realizaranse ao número enteiro mais próximo.



A entidade colaboradora distribuirá os permisos de pesca unicamente entre membros da sociedade ou asociación. En ningún caso se poderán ceder ou vender a persoas non socias.

A distribución de permisos de pesca entre membros da entidade colaboradora será equitativa, debendo remitirse ao final de cada tempada a información necesaria, no formato que se determine, para a elaboración das análises estatísticas que realizará a Consellería en relación cos permisos de pesca.

No Anexo II deste convenio, inclúese a información mínima obrigatoria que deberá ser remitida en cumprimento deste apartado.

CUARTA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento composta por 3 representantes da entidade colaboradora, designados polo órgano facultado para o efecto e polos seguintes representantes da administración autonómica (ou persoa en quen deleguen):

- Un representante da Xefatura Territorial da Consellería, que ostentará o voto de calidade
- Un representante do Servizo Provincial
- Un representante da Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas
- Un funcionario do Servizo Provincial que actuará como Secretario, con voz pero sen voto

De común acordo entre ambas partes, ás xuntanzas da Comisión de Seguimento poderán asistir, con voz pero sen voto, os técnicos que por razón da materia cada parte considere necesarios.

A Comisión terá como funcións:

- O seguimento do cumprimento do convenio.
- En caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran.
- Asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes deste convenio.
- Resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse cantas veces sexa preciso para conseguir que o convenio acade os seus obxectivos.

O funcionamento da Comisión de Seguimento axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da facultade de completar estas normas de funcionamento.



QUINTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Anualmente, finalizada a tempada de pesca, a entidade colaboradora remitirá ao Servizo Provincial a avaliación de capturas e esforzo de pesca e os xustificantes de ter realizadas as obrigas recollidas no apartado 2.2. Esta documentación poderá formar parte ou ser aportada xunto coa solicitude de renovación do nomeamento de entidade colaboradora.

A Comisión de Seguimento reunirse en sesión ordinaria dentro do mes seguinte á recepción da documentación referida, para a súa análise e revisión.

SEXTA: MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

Este convenio de colaboración poderá ser modificado por mutuo acordo das partes, previa proposta da Comisión de Seguimento. A modificación efectuarase mediante a subscrición dun acordo de modificación e sempre dentro do prazo de duración do convenio.

Serán motivos de rescisión deste convenio os seguintes:

- 1) O incumprimento dalgunha das obrigas de calquera das partes, mediante denuncia da parte afectada, oída a Comisión de Seguimento
- 2) A perda dalgunha condición ou requisito dos requiridos á entidade colaboradora para a sinatura do convenio, e en particular a perda ou non renovación do nomeamento conforme ao disposto no artigo 38 do Regulamento
- 3) O informe desfavorable da Comisión de Seguimento respecto do cumprimento dos obxectivos do convenio
- 4) O mutuo acordo das partes
- 5) Calquera outra causa legal de resolución

SÉTIMA: EFECTOS E DURACIÓN

Este convenio terá efectos dende o día da súa sinatura e permanecerá vixente dende a 1 de maio de 2016 ata o 1 de maio de 2017.

Non obstante, poderá prorrogarse por acordo das partes por un período adicional dun ano. A prórroga deberá formalizarse con anterioridade á finalización do prazo de duración, mediante a subscrición do oportuno acordo de prórroga.

OITAVA: NATUREZA E XURISDICCIÓN

Este convenio é de carácter administrativo, quedando excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.



A resolución das diferenzas de interpretación e cumprimento que puidesen xurdir na execución do convenio corresponderá á Comisión de Seguimento. En defecto de acordo, serán resoltas conforme ao previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos seus termos, ambas partes subscriben o presente convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e na data anteriormente indicados, rubricando cada unha das páxinas das que consta.

E en proba de conformidade, as partes asinan este convenio por triplicado, na data e lugar anteriormente indicados.

A conselleira de Medio Ambiente
e Ordenación do Territorio

O representante da entidade colaboradora



ANEXO I-CONTIDO MÍNIMO SISTEMA AVALIACIÓN CAPTURAS E ESFORZO DE PESCA



ENTIDADE COLABORADORA:	
COUTO:	
TEMPADA:	

	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO
Nº permisos usados							
Nº enquisas devoltas (>10%)							
INFORMACIÓN SOBRE A XORNADA DE PESCA							
Nº xornadas de mañá							
Nº xornadas de tarde							
Nº xornadas completas							
Non contestan							
INFORMACIÓN SOBRE A DURACIÓN DA XORNADA DE PESCA							
Suma total horas pesca							
Non contestan							
INFORMACIÓN SOBRE ENGADOS EMPREGADOS							
Miñoca							
Outros engados naturais							
Culleriña ou semellante							
Pluma							
Cola de rata							
Non contestan							
INFORMACIÓN SOBRE AS CAPTURAS							
Nº troitas retidas							
Nº troitas devoltas							
Nº reos retidos							
Nº reos devoltos							
Outros:							



ANEXO II- INFORMACIÓN SOBRE A XESTIÓN DOS PERMISOS DE PESCA



COUTO:

TEMPADA

10